UN-HA VEZ TIVEN UN CRAVO

UN-HA vez tiven un cravo
cravado no corazón,
y eu non m'acordo xa s'era aquel cravo
d'ouro, de ferro ou d'amor.
Soyo sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto m'atormentóu,
qu'eu dia e noite sin cesar choraba
cal chorou Mandanela n'a Pasión.
"Señor, que todo ó podedes
—pedinlle un-ha vez a Dios—,
daime valor pr'arrincar d'un golpe
cravo de tal condiçón."
E doumo Dios e arrinqueimo,
mais... ¿quién pensara?... Despois
xa non sentin máis tormentos
nin soupen qu'era delor;
soupen sô que non sei qué me faltaba
en donde ò cravo faltóu,
e seica..., seica tiven soidades
d'aquela pena... ¡Bon Dios!
Este barro mortal qu'envolve ò esprito,
¡quén-o entenderá, Señor!...

DULCE SÔNO

BAIXARON os ánxeles
a dond'ela estaba
fixéronlle un leito
c'as pracidas alas,
e lonxe á levano
n'a noite calada.

Cando á alba d'o dia
tocou á campana,
e n'ò alto d'a torre
cantou a calandria;
os ánxeles mesmos
pregada-las alas,
"¿por qué—marmurano—
por qué despertala?..."